

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE LUGO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO ANTEPROXECTO DO CENTRO INTEGRAL DE SAÚDE DO BARRIO DA RESIDENCIA. RECONVERSIÓN DO ANTIGO HOSPITAL MATERNO INFANTIL DE LUGO EN CENTRO DE SAUDE MENTAL, CENTRO DE SAUDE, PAC E BASE DO 061.

En Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D. Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito a dita consellería, actuado en nome e representación deste último, e no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade co Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.

E doutra parte, D^a. Lara Méndez López, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Alcaldesa-Presidenta da citada corporación, segundo o disposto nos artigos 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

As partes intervenientes recoñécense capacidade legal para outorgar o presente convenio, e para iso,

EXPOÑEN:

I. Que a fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da colectividade, mediante unha máis rápida atención asistencial ao cidadán, faise necesario a realización dunha reforma do antigo Hospital Materno Infantil de Lugo.

En concreto, esta reforma, implicará reconversión do antigo Hospital Materno Infantil nun Centro Integral de Saúde, que incluírá un Centro de Saúde Mental, un Centro de Saúde, un Punto de Atención Continuada e a Base do 061.

II. As partes asinantes, consideran que este convenio resulta esencial para que cada unha delas asuma as obrigas necesarias de cara a posta en marcha dun proxecto que revitalice esta zona urbana.

III. Polo tanto, ambas partes entenden, que parece razoable que o executado debe cumprir cos requisitos tanto da Administración sanitaria como da Administración municipal, conxugando as necesidades asistenciais co ordenamento urbanístico e de infraestruturas da cidade.

IV. Conscientes de dita necesidade as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso e a fin de levar adiante o proxecto das citadas obras de reforma do antigo Hospital Materno Infantil de Lugo, é necesaria a concorrencia de medios e achegas de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido de dita colaboración.

Por todo isto, formalizan o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente Convenio é establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lugo para a redacción e execución do Proxecto do Centro Integral de Saúde do Barrio da Residencia, que fixe as determinacións e posibilite a reforma do antigo Hospital Materno Infantil de Lugo en Centro de Saúde Mental, Centro de Saúde, PAC e Base

do 061, así como para a dotación de infraestruturas e servizos necesarios ou convenientes para o seu óptimo funcionamento.

Segunda. *Compromisos do Concello de Lugo*

O concello de Lugo asume os seguintes compromisos:

1. Facilitar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios e a obter os permisos e autorizacións que foran necesarios para executar as obras de referencia establecidas neste Convenio.

2. Asumirá todos os gastos necesarios para dotar ás parcelas, das infraestruturas necesarias, tales como accesos rodados e peonís, abastecemento de auga, saneamento, subministración eléctrica e de gas, alumeado, telefonía, etc. nas condicións precisas de acordo coa demanda que a execución destas actuacións fagan preciso.

A execución de ditas infraestruturas deberá concluír con anterioridade á finalización das obras mencionadas, co obxecto de garantir a súa posta en funcionamento.

3. Levar a cabo as actuacións necesarias para dotar a este Centro de Integral de Saúde, de todos os servizos públicos relacionados co mesmo.

4. Comprométese a regular nas ordenanzas fiscais polo tempo de duración do presente convenio, a exención a favor dos centros sanitarios de titularidade da Comunidade Autónoma da Xunta de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde, do pagamento do imposto sobre bens inmobles, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como de calquera tipo de taxas e prezos públicos que non se correspondan con servizos que se prestan de xeito continuado.

5. O Concello de Lugo ten prevista na ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, a bonificación do 95% de acordo co disposto no artigo 103 do RDL 2/2004, reguladora das facendas locais, concretamente apartado

2.a) cando recolle a posibilidade de establecer bonificacións de ata o 95% “ a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ao Pleno da Corporación e se acordará, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple de seus membros”.

6. Unha vez realizadas as obras de urbanización e axardinamento da parcela, o Concello de Lugo asumirá o mantemento e conservación das mesmas e os seus servizos, sen que por isto supoña un cambio na titularidade da parcela, que actualmente é propiedade da Tesourería Xeral da Seguridade Social, podendo o Concello solicitar a cesión de uso a favor do concello, garantíndose o seu disfrute público. Neste suposto o Servizo Galego de Saúde tramitará dita cesión de uso.

Terceira. Compromisos do Servizo Galego de Saúde

O Servizo Galego de Saúde asume os seguintes compromisos:

1. Comprométese á elaboración, e de ser o caso, á supervisión e á aprobación do proxecto técnico, así como a contratar, dirixir e executar as obras con cargo aos seus orzamentos. Para tal fin, a Corporación deberá facilitarlle ao dito organismo, toda a documentación que sexa necesaria para a redacción do proxecto de obras (cartografía, información urbanística, características das infraestruturas existentes, así como o proxecto de urbanización do novo viario), incluídas as licencias e demais permisos urbanísticos ou de obras que, no seu caso, sexan necesarios para a execución destas actuacións e do funcionamento dos servizos.

O Concello outorgará as licenzas urbanísticas de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, sempre que se soliciten acompañadas de proxecto técnico completo, redactado por técnico competente na forma e contido regulamentariamente establecido, acompañado de copia das preceptivas autorizacións ou ditame ambiental, así como o resto de autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente esixibles. Así mesmo o tratarse dunha obra que ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, se consignará expresamente esa circunstancia e presentará a documentación completa que

explique e xustifique o cumprimento dos requisitos necesarios para o exercicio da actividade obxecto da obra.

O Concello outorgará a licenza de primeira ocupación do edificado, unha vez se solicite acompañada do certificado acreditativo da efectiva e completa finalización, previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, así mesmo, se fará constar unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza.

2. O Servizo Galego de Saúde realizará, previa outorgamento de licenza, a demolición do edificio intermedio de conexión dos dous edificios hospitalarios, cada un deles con entidade propia, así como a urbanización e axardinamento da parcela que rodea o edificio do futuro Centro de Saúde Integral. A urbanización e axardinamento da parcela será unha vez finalizada mantida e conservada polo Concello de Lugo tal e como se especifica nos compromisos asumidos polo Concello

Cuarta. Comisión de seguimento, vixilancia e control

Constituirase unha comisión de seguimento que interprete e asegure o bo fin e cumprimento do obxecto deste Convenio así como que resolva as controversias xurdidas como consecuencia da execución deste.

A comisión estará formada por dous representantes de cada unha das partes. A comisión reunirse por solicitude dunha das partes asinantes, considerándose constituída se asiste polo menos un dos representantes de cada entidade.

Quinta. Causas de resolución

O incumprimento de calquera das obrigas establecidas neste documento poderá dar lugar á resolución do mesmo.

Sexta. Natureza do convenio

Este convenio ten carácter administrativo, quedando as partes que o subscriben suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na aplicación deste.

Sétima. Vixencia

O presente Convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata o estrito cumprimento de todos os seus termos, sen que en ningún momento o período de vixencia poda superar os 4 anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes do remate do prazo previsto anteriormente, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata 4 anos adicionais, todo elo segundo o establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, incluída a súa prórroga.

Oitava. Publicidade

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poda facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Así queda redactado o presente convenio que, en proba de conformidade asinan os comparecentes, por triplicado exemplar no lugar e data indicados ao inicio.

Pola Consellería de Sanidade e
o Servizo Galego de Saúde

Polo concello de Lugo

Jesús Vázquez Almuiña

Lara Méndez López